

Os escritores galegos suxiren a expropiación do Panteón de Galegos Ilustres

O seu presidente cualifica de "lamentable" o seu estado e di que "non se pode tolerar esta situación tan ferinte".

Por [Galicia Confidencial](#) | Compostela | 22/02/2016 | Actualizada ás 09:00

A **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)** quere que o **Panteón de Galegos Ilustres** sexa de titularidade pública e de libre acceso. Unha petición que choca co Arcebispado de Santiago que é o titular da **Igrexa de Bonaval**, onde se atopan os restos dalgúns dos escritores, historiadores, científicos e poetas más importantes de Galicia. Por iso, na práctica, os escritores piden a expropiación deste edificio relixioso para o disfrute dos cidadáns.




Valentín García e Carlos Mella, na homenaxe a Castelao | [Fonte: Xunta](#)

Así se pronunciou este domingo o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, nun acto público que tivo lugar no Panteón, con motivo da celebración do **Día de Rosalía de Castro**, que terá lugar este mércores.

"A situación actual na que se atopa o Panteón é lamentable e un pobo que se aprecie non pode tolerar esta situación tan ferinte", dixo Sánchez Iglesias que o achacou á falta de "acción política". "Por iso hai que transformar esta realidade", engadiu.

Sobre Rosalia, o presidente da AELG destacou que "ela soa foi quen de construír o relato dunha nación" e afirmou que "Galicia foi a súa razón de ser", unha terra que ela mesma "acabou por modelar" coa súa poesía.

Por outra banda, **o escritor galego Suso de Toro**, foi o encargado de ler un manifesto no que destacou que Rosalia foi unha persoa "verdadeira" e "libre", e que, debido ás circunstancias sociais da época, **"tivo que pagar" esa liberdade, "pechada" na súa casa cos seus poemas**, como ela mesma describiuse nun deles.



Panteón dos Galegos Ilustres | Fonte: galiciaenfotos.com

Tamén lembrou a "xustiza social" que Rosalía pedía para os "desherdados" e eloxiou a súa poesía "írica", que "nacía dos sentimentos".